





RS/mv



En relación coa pregunta con resposta escrita nº **32805**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"a natureza da Mesa pola Normalización Lingüística"**, (publicada no BOPG nº 631, do 22 de novembro de 2008), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Política Lingüística**, que ten o seguinte contido:

"A Mesa pola Normalización Lingüística aparece inscrita no 'Rexistro de Asociacións' dependente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con cuxo rexistro a administración autonómica lle recoñece o cumprimento íntegro de todos os requisitos imprescindibles para a súa constitución e legalización, coa data de alta 09/05/2003 e o número de rexistro 2003-6363-1.

Esta información é pública e está a libre disposición da cidadanía, así como a de calquera outra entidade social rexistrada, na seguinte ligazón: <http://cpapx.xunta.es/portal/secretaria/rexistroras.htm>.

Do mesmo xeito, cabe lembrar que estas entidades están obrigadas ao cumprimento das leis e que, de atopárense indicios de calquera tipo de irregularidade ou ilegalidade, existe sempre a vía da súa denuncia pública que, en último termo, podería conducir á súa ilegalización. Este mecanismo de salvagarda serve, ademais de para garantir a coherencia entre a



actividade das entidades e o marco de legalidade que as sustenta, para a posta en valor da súa contribución ao tecido asociativo e á sociedade civil.

A política de normalización lingüística, como calquera outra política pública, está constantemente exposta ao control cívico da cidadanía e, en consecuencia, tamén ao escrutinio da opinión pública. Na esfera da opinión pública, nun marco de liberdade de expresión, teñen cabida todo tipo de interpretacións, expresións e opinións: favorables ou contrarias, positivas ou negativas, de loa ou de recriminación, independentemente do seu signo e dirección. A Secretaría Xeral de Política Lingüística ten como norma o respecto escrupuloso a todas as manifestacións desta opinión pública, sempre que se atopen dentro do recíproco respecto esixible a un debate e unha deliberación enriquecedoras, e se adecúen á verdade dos feitos obxectivos.

Nos últimos tempos, sen embargo, e pese ás reiteradas chamadas ao consenso e á concordia por parte da Xunta de Galicia, o debate lingüístico ten abandonado as normais canles da 'conversa pública' para adoptar as preocupantes formas do enfrontamento e a crispación. Unha situación cuxo máis visible efecto, prexudicial para a lingua galega e o seu proceso de normalización -en primeira instancia, así como para a optimización da nosa calidade democrática-, é o da polarización social en base a prexuízos falsos e inxustos e/ou a ideas desatinadas. Un efecto negativo que a SXPL observa con preocupación, e que chama ao compromiso e ao esforzo colectivos para atallar e reconducir convenientemente, outra vez e de forma definitiva, á vía do diálogo social e o acordo institucional.

Este retorno cara a actitudes de diálogo e acordo, cremos, é a demanda clamorosa dunha sociedade galega que, por unha banda, nunca tivo na lingua galega motivo de fricción e que, por outra banda, si esixe o cese inmediato de polémicas estériles e o traballo intenso e decidido na solución dos transcendentales problemas que definen os actuais tempos de dificultade que estamos atravesando.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 49 19

A SXPL ten a satisfacción desta demanda como o seu principal obxectivo. Polo que seguirá desenvolvendo, como ata o de agora fixo, unha política lingüística cuxo eixe principal é a busca dun consenso que, con teimuda insistencia, esperamos retomar máis pronto ca tarde. A sociedade galega así nolo esixe.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2008

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia